

De súpeto, apareceu diante del un cervo. Era moi vello e apenas se mantiña de pé. Dragal uliscouno e achegouse a el, o cervo nin se inmutou. A Dragal sorprendeulle esa actitude.

Entón preguntoulle:

–Non tes medo á morte?

E el respondeu:

–Estou demasiado canso e vello, e non me importaría sacrificarme para que ti voltases á casa.

A Dragal sorprendeulle esa resposta. El, que tanto loitou por sobrevivir durante tantos anos, sorprendeuse de que houbese un ser que se sacrificase por el e preguntoulle por que o facía. Entón o cervo contoulle unha historia:

*»Hai moitos anos, uns cazadores perseguían a unha familia de cervos, composta por un cervo macho, moi forte e poderoso, cunha gran cornamenta; unha femia cunha pelaxe fina e brillante, cunha mirada moi doce, e un cervatiño, coa única preocupación de correr, saltar e encher o bandullo co rico leite da súa nai.*

*»Cando estaban gozando dun día marabilloso de sol, o cervo macho oíu un estralo de paus, mirou ao redor e viu os cazadores. Os tres cervos botáronse a correr, pero o macho caeu abatido polo disparo dun cazador. Os cazadores, non fartos por aquela marabillosa presa, perseguíronos e mataron tamén a femia. O cervatiño, temeroso, non sabía que facer. Tremía co medo e quedou inmóbil. Cando lle ían disparar apareceu unha sombra no ceo, que se achegaba cada vez máis, e lanzouse sobre os cazadores. Era un dragón, salvándolle a vida ao cervatiño.*

Entón o cervo volveuse cara Dragal e preguntoulle:

–Lémbreste desa historia?

O dragón, conmovido pola historia, empezou a recordala e respondeulle:

–Si, Dragal acórdase. Mentres pelexaba cos cazadores, aquel cervatiño escondeuse detrás duns arbustos e cando fuxiron saíu do agocho, dándolle as grazas a Dragal. Entón Dragal díxolle: “Acórdate deste favor, algún día cobrareicho.”

Cando o cervo volveu a escoitar esas palabras respondeulle:

–Eu son ese cervatiño. Grazas a ti tiven unha vida feliz despois de aquela traxedia. A única forma que teño devolverche o favor e entregarche a miña vida.

Dragal non sabe de onde sacou forzas e alzou o voo. E dende o ceo berrou:

–Nunca lle quitarei a vida a un ser, e moito menos a un amigo.

Días despois, Hadrián e Mónica paseaban collidos da man.

O dragón xa levaba catro horas esperando a chegada da rapaza que lle ía saciar a fame. A alma do rapaz loitaba por mostrarse paciente no interior do dragón, pero o dragón era poderoso, e a súa paciencia íase esgotar.

Cando xa pensaba en marchar de alí, para buscar unha boa cova na que resgardarse e pasar a noite viu unha pequena figura ao lonxe. Era unha figura humana. Era pequena e esvelta. Pensou que podía ser a nena, pero logo decatouse de que non era Mónica. Sen dúbida era unha femia, e para o dragón facíase estrañamente coñecida. Era fermosa, pero cos ollos cheos de dor, lembranzas e tristeza. Algo no corazón do rapaz, xa case consumido completamente dentro de aquel corpo xigantesco, deu unha volta, e Hadrián fíxose lixeiramente máis poderoso. Sen decatarse, estaba recordando.

Recordando momentos da súa vida e do seu pasado, mais non daba encontrado nada que respondese a aquela misteriosa, pero coñecida, persoa.

Logo a visitante comezou a falar case entre saloucos:

–Hadrián, meu neno, volve. Mónica contoumo todo. Sei que me escoitas.

Limpou as bágoas que lle escorrían pola meixelas, e con dificultade continuou:

–Tes que recordar, recórdame, recorda a túa vida e o teu pasado.

A femia estaba a uns 20 metros do dragón. Sabía que podía ser perigoso para ela achegarse demasiado.

–Meu fillo, es ti, es Hadrián. Recorda ao teu pai, as tardes de verán, os pasteis da avoa. Recórdame, por favor, son eu, túa nai.

No momento no que dixo estas palabras a forza do dragón fíxose máis pequena, e polo tanto, a de Hadrián máis grande.

–Recórdame Hadrián!! –e comezou a chorar desconsolada– Volve a ser ti!... Por favor.

Nese momento produciuse unha explosión de luz no corpo do dragón, que cegou a nai de Hadrián. Uns minutos despois, non quedaba rastro do dragón e no seu lugar había o corpo espido dun rapaz. A nai achegouse a el, chorando, e logo berrou de alegría ao identificar o seu fillo.

Pero..., ¿e o dragón?

Noa Lema Rial

Mónica saía da carnizaría da vila. Acababa de mercar unha cantidade considerable de todo tipo de carne para levarlla a Hadrián. A última vez que o vira, o rapaz estábase transformando en Dragal e ela descoñecía o que comían os dragóns, pero seguro que eran carnívoros. Á carnicreira estrañáralle a adquisición da rapaza, pero non dixo nada. A fin de contas, a moza pagara os cartos e o motivo da compra non era da súa incumbencia. Mónica agradeceu que a tendeira

non puxera ningunha obxección, precisaba o alimento para levarllo ao seu amigo. Sen perder máis tempo, empezou a camiñar cara a Poza das Mouras. Dragal sabíao e estábao agardando. O seu desenvolvido sentido do olfacto permitíalle coñecer a situación exacta de Mónica: estaba moi preto da igrexa. Entón, perdeu o cheiro.

Mónica pasou por diante da igrexa de San Pedro e decidiu consultarlle a don Xurxo o que debía facer. Había uns minutos reparara en que corría o risco de que Dragal a atacara e ela fose o seu alimento, en lugar da carne. Non podía crer que ata aquel momento non pensara nesa posibilidade. Supuxo que ao estar tan preocupada por Hadrián esquecérase do perigo que ela ía correr. Non era a primeira vez que pensaba máis en Hadrián que en si mesma. Preguntábase se a el lle ocorrería o mesmo con ela.

Abriu a porta da igrexa e viu a don Xurxo de xeonllos cara o altar. O cura xirouse ó ouvir a voz de Mónica pedíndolle consello. A moza contoulle todo o que pasara e confesoulle que tiña medo de que Dragal a atacara. Don Xurxo tranquilizouna e intentou convencela de que non fora onda o dragón. Pero Mónica quería salvar a Hadrián. Cando o cura se convenceu de que non había xeito de facela cambiar de parecer, dispúxose a contarlle o seu maior segredo, ou polo menos a parte que precisaba saber:

-Para liberar a Hadrián tes que domar a Dragal. Careces do tempo necesario e aínda que o tiveras serías incapaz, porque só uns poucos eran quen de facelo e na actualidade o único que o pode conseguir é Hadrián. O problema é que aínda non está preparado e ao atoparse dentro do dragón resultarlle moi difícil. Só temos unha opción –sacou do seu peto un pano, desdobrouno e ensinoulle o seu contido a Mónica–. Esta é unha escama de Dragal. Colle o amuleto do pai de Hadrián, coloca a escama diante e ensínallo ao dragón. Así quedará encerrado no amuleto. Despois, tírao á Poza das Mouras.

Mónica estaba pensando como era posible que o cura soubese todo aquilo. Ía preguntarlle, pero non tiña tempo. Debía ir onda Dragal.

O dragón volveu detectar o cheiro da rapaza. Estaba achegándose. Pasou algo de tempo e Dragal percibiu a Mónica a uns cantos metros. Podía ulir o seu medo. O dragón alzou o voo para abalanzarse sobre ela. Entón, Mónica sacou o amuleto, puxo a escama detrás e mostroullo a Dragal. O réptil emitiu un xemido de dor. Desapareceu e o amuleto comezou a vibrar. Mónica tirouno ás augas. Esperou. Todo ocorrera moi rápido. Só podía pensar: <<Onde está Hadrián? >>.. Como resposta aos seus pensamentos, Hadrián xurdiu das augas.

Nadou para achegarse a Mónica. Despois de darlle as grazas preguntoulle:

–Como o fixeches?

Mónica explicoulle o que don Xurxo lle contara e Hadrián acertou a dicir:

–De onde sacaría o cura unha escama de Dragal?

Hadrián saíu da auga. Agora que o perigo pasara ían xunto de don Xurxo para preguntarlle todas as dúbidas que tiñan sen resolver.

Chegou a noite, e polo fondo da ladeira foi aparecendo unha fermosa figura. Era Mónica, traíalle comida ao dragón. Mais cando o viu quedou paralizada polo medo. Aínda non sabe de onde sacou as forzas para achegarse a el e poñerlle a comida diante. O dragón abalanzouse sobre a comida e, cando tiña a cabeza baixada, Mónica tiroulle un caldeiro de auga por riba. O dragón enfadouse moito e abriu a súa gran boca para devoralo. Pero nese intre comezou a sufrir cambios físicos. Caeu ao chan, e quedou alí quedo, coma se estivese morto. Diante dos ollos de Mónica, o dragón comezou a perder as escamas, as zoupas, as ás... e detrás de toda aquela pel de réptil, apareceu un neno. Era Hadrián, estaba todo mollado e cheo de mazaduras. Foi correndo a xunta Mónica e deulle un abrazo enorme, coma se soltase nese abrazo todo o amor que viña gardando para ela. Despois dun forte abrazo, Hadrián preguntoulle como fora capaz de derrotar a Dragal, e ela, entre sorrisos, contestoulle que o conseguira coa axuda da Poza das Mouras.

Paula Gabín Blanco

Xa pasaran tres horas e a femia seguía sen aparecer. O dragón comezaba a ter máis fame e pensou en alzar o voo na procura dunha presa, pero Mónica estaría a chegar e non lle debía facer iso, xa que era a súa amiga. Media hora máis tarde o dragón viu ao lonxe unha figura humana. Pensou que sería Mónica, era don Xurxo. Cando don Xurxo xa estaba diante de Dragal este preguntoulle:

—Que fas ti aquí? Onde está Mónica?

Don Xurxo explicoulle que Mónica estaba morta de medo e que o chamara para levarlle a comida.

Hadrián quedou sorprendido e pensou se lle podería facer dano de verdade a Mónica, pero don Xurxo comezou a falar:

—Hadrián, todos están moi preocupados por ti, debes volver ás catacumbas e resolver todo...

Pero Hadrián parouno e continuou:

—O dragón elixiume a min, a morte do meu pai tamén estaba relacionada e se volvo á vila todos me terán medo.

Don Xurxo intentou convencelo dicíndolle o preocupados que estaban Mónica e a súa nai. De súpeto a Hadrián comezaronlle a vir recordos da súa infancia e dos momentos pasados con Mónica, caeu ao chan, a cabeza dándolle voltas e de súpeto desapareceu. Xa non estaba Dragal, era Hadrián, estaba inconsciente e don Xurxo intentou reanimalo.

Noa Romero

Por fin Mónica acabou de comprar toda a carne de todos os supermercados, xa que Dragal tiña moita fame. No camiño, Mónica parouse a pensar se Dragal a ía comer a ela ou a carne, despois de todo, ela non sabía o que comían os dragóns. Despois dun momento no que parou a recapacitar, preferiu esquecer aquela absurda pero certa posibilidade, porque Dragal estaba no corpo de Hadrián, o seu mellor amigo e el non lle faría nunca dano. Pero por se acaso mirou en Internet o que comían os dragóns.

Mónica decatouse de que xa era algo tarde, polo que foi correndo xunta Hadrián.

-Xa pasou moito tempo desde que se foi Mónica –pensou Hadrián -. Ocorreríalle algo?

Minutos despois, Hadrián escoitou como Mónica estaba chegando. Nese momento acordouse de que aínda non podía controlar ben os seus impulsos, polo que lle entrou medo.

-Dragal quererá comer a Mónica? Se é así, serei capaz de controlarme e non comela? – reflexionaba Hadrián.

Nese intre, escoitou como Mónica xa estaba moio preto.

Cheo de medo, decidiu alzar o voo para non ferila. Custoulle moito conseguilo, porque estaba moi feble; pero aínda así conseguiu reunir a suficiente enerxía para voar.

-Que fas? Estás aínda moi feble, non podes voar! –gritoulle Mónica a Hadrián, ou Dragal.

-Non quero facerche dano –contestoulle Hadrián, mentres alzaba o voo e marchaba.

Aroa Villaverde.